

# RESUMO DE CONTIDOS

## Combatendo trolas: os avances do ser humano

Xeografía e Historia |  
2º ESO



## Índice

1. Comezamos a recuperar os coñecementos	2
1.1. O espertar do ser humano: Humanismo e desenvolvemento científico	2
1.2. Amarás ao próximo! Reforma e Contrarreforma	4
1.3. Aquí mando eu! As monarquías e a concentración do poder	6
1.4. O Renacemento: a perfección da arte	7
1.5. A arte do Barroco: o gran teatro do mundo	11
1.6. O declive dun imperio: a crise da Monarquía Hispánica	13

# 1. Comezamos a recuperar os coñecementos

## A ciencia e a razón

Para poder recuperar o coñecemento perdido, precisamos mergullarnos nun momento clave da historia: unha época de cambios profundos, onde se empezou a **cuestionar** o que ata entón se daba por certo.

Foi un tempo no que o ser humano buscou **explicacións** máis alá da **relixión**, onde a **ciencia** e a razón comezaron a tomar forza. As **crenzas**, o **poder** e a **arte** tamén se transformaron, dando lugar a conflitos, **innovacións** e novas formas de ver o mundo.

Comprender estes procesos axudaranos a recoñecer por que hoxe existen certos discursos, por que algunhas mentiras teñen éxito e como a historia pode ser unha ferramenta poderosa para pensar con **liberdade**.

## 1.1. O despertar do ser humano: Humanismo e desenvolvemento científico

### Que foi o Humanismo?

Durante a Idade Media, moitas das explicacións sobre o mundo baseábanse na relixión. A xente cría o que dicía a Igrexa e non se cuestionaban moitas cousas. Pero, a partir do século XV, en Europa comezou a cambiar a forma de pensar. Apareceu unha nova maneira de ver o mundo chamada **Humanismo**.

Os humanistas eran persoas que valoraban o saber, a razón, a curiosidade e a dignidade do ser humano. Inspirábanse nos textos antigos da Grecia e de Roma para aprender e mellorar a sociedade. Crían que o ser humano podía entender o mundo por si mesmo, observando, lendo e pensando. O centro do pensamento xa non era Deus, senón a persoa.

Un invento moi importante desta época foi a **imprenta**, que permitiu facer moitos libros de forma máis rápida e barata. Así, o coñecemento estendeuse por Europa e cada vez máis persoas puideron aprender e pensar por si mesmas.

### Principais características do Humanismo

#### Antropocentrismo:

Fronte ao teocentrismo (Deus no centro), agora valórase máis a persoa, o ser humano é o centro.

**Importancia da razón e da ciencia:**

Coa razón, a observación e a experimentación, o ser humano comezou a facer grandes descubrimentos e a entender mellor o mundo.

**Inspiración na cultura grecolatina:**

O Humanismo admiraba a cultura da Grecia e de Roma antigas. Estudaban a súa arte, filosofía, literatura e ciencia porque buscaban aprender dela e recuperar os seus valores de beleza, razón e liberdade de pensamento.

**Difusión das ideas:**

A invención da imprenta permitiu facer máis libros de forma rápida e barata. Isto fixo que o coñecemento chegase a máis persoas e que as ideas humanistas se espallaran por toda Europa.

Sabías que...

A imprenta foi inventada arredor do ano 1450 por **Johannes Gutenberg**, na cidade alemá de **Maguncia**. O seu grande invento consistiu en usar **tipos móbiles de metal** e unha **prensa manual**, inspirada nas antigas prensas de viño, para imprimir textos de maneira rápida e eficaz.

Ata entón, os libros copiábanse a man, eran lentos de facer e carísimos. Grazas á imprenta, os libros comezaron a **producirse en serie**, baixaron de prezo e moita máis xente puido acceder ao coñecemento.

Este invento foi clave para **difundir** as ideas do Humanismo, os cambios relixiosos da Reforma e os avances científicos. O primeiro gran libro impreso foi a famosa **Biblia de Gutenberg**.

**O comezo da ciencia moderna**

O Humanismo non só cambiou a forma de pensar sobre o ser humano e a cultura, senón que tamén fixo que a **ciencia** comezase a dar grandes pasos. A xente comezou a observar e experimentar de forma máis metódica para entender mellor o mundo.

En lugar de aceptar todo o que se dicía sen máis, as persoas comezaron a facer preguntas, a probar teorías e a buscar explicacións lóxicas para o que pasaba ao seu redor. Isto fixo que nacera o que hoxe chamamos a **ciencia moderna**.

Algunhas das figuras máis importantes deste cambio foron:

**Nicolau Copérnico:**

Propuxo que non era a Terra, senón o Sol o centro do universo, cambiando a forma en que pensabamos sobre o cosmos.

**Galileo Galilei:**

Usou o telescopio para observar as estrelas e demostrou que a ciencia podía explicar moitas cousas observando e facendo probas.

**André Vesalio:**

Fixo descubrimentos sobre o corpo humano a partir da disección, loitando contra os mitos sobre como funcionaba o corpo.

## 1.2. Amarás ao próximo!: Reforma e Contrarreforma

### Isto non vai ben!: as causas da Reforma

A finais da Idade Media, moitas persoas comezaron a **criticar determinados comportamentos e actitudes** na Igrexa Católica:

- A acumulación de riquezas e o luxo esaxerado de bispos e cardeais.
- A escasa cultura de moitos sacerdotes, algúns dos cales apenas sabían ler ou escribir.
- A venda de bulas e indulxencias a cambio do perdón dos pecados.
- A compravenda de altos cargos eclesiásticos para obter riquezas e poder.

Toda esa situación constatouna **Martín Lutero** (1483-1546), un sacerdote e monxe alemán agostiño, na súa viaxe a Roma. A súa ruptura definitiva con Roma sucedeu cando o **Papa León X** puxo á venda novas indulxencias para poder construír a basílica de San Pedro do Vaticano.

Despois dese acontecemento, Martín Lutero colgou na porta da igrexa do convento de Wittenberg (Alemaña) un **documento con 95 teses** no que criticaba a venda das indulxencias e a necesidade dunha reforma interna na Igrexa.

O Papa Leon X e o emperador Carlos V pedíronlle a Lutero que rectificara, pero el negouse polo que **foi expulsado da Igrexa Católica** en 1521. Moitos príncipes alemáns seguiron as teses de Lutero, denominándose como reformados.

Sabías que...

O termo protestante é pexorativo e xurdiu polas protestas dos príncipes alemáns ante a prohibición das doutrinas de Lutero por parte do emperador Carlos V en 1529.

## Agora somos máis: as outras igrexas reformadas

Ao longo do século XVI xurdiron **outras igrexas** que se separaron da Católica.

### Calvinismo:

Foi fundada en Suíza por **Xoan Calvino** (1509-1564) e expandiuse por Francia e por Inglaterra. Cales eran as súas principais ideas?:

Crían que Deus xa decidía que persoas se salvaban (as predestinadas) e que persoas condenábanse.

Defendían a importancia do traballo como un medio para dignificarse.

### Anglicanismo:

Xurdiu en Inglaterra cando o rei **Henrique VIII** (1491-1547) non conseguiu que o Papa lle concedera o divorcio da súa esposa, **Catalina de Aragón** (1485-1536). En 1534 separouse da Igrexa de Roma e proclamouse cabeza da Igrexa de Inglaterra, quedando as autoridades eclesiásticas baixo o poder do Estado.

## Era necesario un cambio: a Contrarreforma

Como viches, a reforma protestante comezou a estenderse por toda Europa o que levou á Igrexa Católica a promover unha **Contrarreforma**, que consistiu na **defensa dos seus principais dogmas** e nunha serie de **medidas para mellorar o seu funcionamento**.

Defensa dos dogmas da Igrexa Católica

Para defender os dogmas da Igrexa Católica o Papa Pablo III (1468-1549) convocou o Concilio de Trento (1545-1546), onde se afirmou:

- A importancia do culto á Virxe e aos Santos.
- A existencia dos 7 sacramentos.
- A salvación a través das boas obras e da fe.
- A defensa da Vulgata (Biblia traducida ao latín por San Xerome) como única interpretación válida das Sagradas Escrituras.
- A importancia sagrada da misa.
- A necesidade de celebrar as misas en latín.

### Medidas para mellorar o funcionamento da Igrexa Católica

Para mellorar o funcionamento interno da Igrexa Católica o Concilio tamén realizou unha serie de cambios internos:

- Creáronse seminarios para darlle unha boa formación ao clero.
- Obrigaron aos bispos a residir na diocese que dirixían.
- Inculcouse no clero a necesidade de dar exemplo coa súa vida e a obriga de gardar o celibato.

- Prohibíronse a venda das indulxencias.
- Reformáronse as ordes monásticas.

Sabías que...

Os enfrontamentos entre protestantismo e catolicismo provocaron as chamadas guerras de relixión entre os séculos XVI e XVII, que tiveron o seu final coa Guerra dos Trinta Anos (1618-1648).

### 1.3. Aquí mando eu!: as monarquías e a concentración do poder

#### Preparando o camiño... As monarquías autoritarias

As monarquías absolutas foron sistemas de goberno nos que a persoa monarca tiña **todo o poder**. Non se consultaba a ninguén, nin á Igrexa, nin á nobreza, nin ao pobo. A persoa monarca mandaba **sen límites**, e todas as persoas debían obedecer. Moitas veces, as persoas monarcas crían que o seu poder viña directamente de Deus, polo que tiñan a última palabra en todo.

Neste tipo de goberno, a persoa monarca **centralizaba o poder**, tomaba todas as decisións importantes e controlaba os recursos e as leis do país. O pobo non podía opoñerse, xa que se consideraba que a persoa monarca tiña a **autoridade divina** para gobernar.

#### Como se crearon as monarquías absolutas?

Os reis e as raíñas alcanzaron o seu poder de varias maneiras. No caso de moitas monarquías, a **centralización do poder** foi un proceso gradual, durante o cal foron diminuindo a influencia da Igrexa e da nobreza. No camiño cara á centralización do poder, fixeron **cambios** significativos na estrutura política e social dos seus reinos. Aquí están as **características** e as accións clave que levaron a cabo:

##### Centralización do poder

A persoa monarca tomou o **control absoluto sobre o goberno**, reducindo a influencia da nobreza e da Igrexa. Crearon novos sistemas de goberno para controlar mellor as súas terras e xestionar de maneira máis eficaz os recursos e impostos.

##### Poder divino

A persoa monarca baseaba o seu poder na idea de que era **elixido por Deus**, polo que non tiña que render contas a ninguén, o que lle permitía gobernar sen limitacións. Isto xustificaba as súas decisións e a imposición de leis sen consulta.

## Exércitos fortes

A creación de novos impostos permitiu ás persoas monarcas **financiar as súas guerras** e mellorar a administración dos seus territorios. Tamén fortaleceron o exército real, facendo que non dependesen da nobreza para a defensa e a orde no reino.

## Funcionariado

Para controlar mellor os seus reinos, as persoas monarcas rodeáronse de ministros e conselleiros leais que **non pertencían á nobreza**. Isto aseguraba que as decisións do monarca non foran influenciadas por intereses externos.

## Exemplos de monarquías autoritarias e absolutas

En **España**, un claro exemplo de monarquía autoritaria foron **os Reis Católicos**, Isabel I de Castela e Fernando II de Aragón. A súa unión foi clave para a centralización do poder e para fortalecer o control sobre os reinos. Ao longo do seu reinado, reduciron a influencia da nobreza e aseguraron o poder real a través de reformas políticas e militares.

En **Europa**, un dos exemplos máis famosos de monarquía absoluta foi **Luís XIV de Francia**, tamén coñecido como a "o rei sol". Luís XIV centralizou todo o poder na súa persoa e controlou todos os aspectos do goberno, desde as finanzas ata a guerra. A súa frase "O Estado son eu" resume perfectamente a idea dunha monarquía absoluta, onde a persoa monarca era considerada a máxima autoridade do país.

## 1.4. O Renacemento: a perfección da arte

### O Renacemento en Italia

O Renacemento é o movemento cultural que aplica á arte as ideas do Humanismo. Xurdiu a comezos do século XV en **Italia**, onde confluían varios factores que impulsan esta renovación. Por unha banda, a presenza de abundantes restos do **pasado clásico** que se quería recuperar. Por outra, os estados italianos vivían un esplendor económico grazas ao auxe do seu comercio. Isto permitiu que varios dos seus gobernantes se converteran en **mecenas**, é dicir, protectores de artistas impulsando a creación de novas obras.

O Renacemento en Italia divídese en dúas etapas: **Quattrocento** (século XIV) e **Cinquecento** (século XV). No Quattrocento o principal foco creador é a cidade de Florencia. No Cinquecento o protagonismo desprázase a Roma, co mecenado dos papas.

### Trazos xerais

- **Recuperación da Antigüidade clásica**: o Renacemento pon a súa mirada na arte de Grecia e Roma, admirándoa como o modelo máis perfecto a imitar.

- **Antropocentrismo**: o ser humano convértese en centro do mundo e medida de todas as cousas, tamén na arte. As figuras humanas son protagonistas dos novos temas artísticos. Este pensamento oponse ao teocentrismo medieval que consideraba a Deus como eixe do universo.
- **Individualismo** e pensamento racional, fronte aos dogmas de fe da Idade Media.
- **Naturalismo**: promóvese a observación e o estudo da natureza como aspecto esencial do mundo xunto ao ser humano.
- Procura da **perfección técnica** e dunha **beleza idealizada**.
- **Nova concepción social de artistas**, cuxo traballo xa non se considera simplemente artesanal, senón tamén intelectual. O impulso de mecenas axuda a que coñezamos o nome de multitude de artistas do Renacemento, que asinan as súas obras.

## Arquitectura

### Características principais:

Uso de elementos da tradición grecorromana: **columnas** (coas tres ordes clásicas: dórica, iónica e corintia), **frontóns**, **arcos de medio punto**, **cúpulas**, cubertas planas e abovedadas.

Procura da **harmonía**, a **proporción** e a **simetría**.

O principal material construtivo é a **pedra**.

Destacan tanto construcións **relixiosas** (igrexas) como **cívís** (palacios, concellos, prazas...).

### Obras e artistas salientables:

Filippo Brunelleschi: Cúpula da catedral de Florencia, basílica de San Lourenzo, capela Pazzi.

Leon Battista Alberti: Basílica de San Andrés de Mantua, Igrexa de Santa María Novella, palacio Rucellai.

Donato Bramante: Templo de San Pietro in Montorio.

Miguel Anxo: Basílica de San Pedro do Vaticano, Biblioteca Laurenciana, Praza do Capitolio de Roma.

Andrea Palladio: Vila Rotonda, Basílica de Vicenza.

## Escultura

### Características principais:

Céntrase na representación da **figura humana**, igual que fixera a arte grecorromana.

Estuda a **anatomía** con detalle e precisión.

Emprega un **canon** de proporcións harmónicas para acadar unha **beleza** idealizada.

Os **temas** son variados: relixiosos, mitolóxicos, retratos, escultura ecuestre...

Os materiais máis empregados son o **mármore** e o **bronze**.

### Artistas e obras salientables:

Lorenzo Ghiberti: Portas do baptisterio de Florencia.

Donatello: *David*, *Gattamelata*.

Miguel Anxo: *Piedade* do Vaticano, *David*, *Moisés*, sepulcros dos Medici.

## Pintura

### Características principais:

A figura humana é a protagonista, representada cunha beleza idealizada.

Aplícase a **perspectiva** para crear a sensación de profundidade.

As composicións son ordenadas e equilibradas.

Nova técnica pictórica, o **óleo**, que permite conseguir máis detalles, cores intensas e unha luz máis realista.

Segue predominando a temática relixiosa e intégranse con forza a mitolóxica e o retrato.

### Artistas e obras salientables:

Masaccio: *O tributo da moeda*, *A Trindade*.

Sandro Botticelli: *O nacemento de Venus*, *A primavera*.

Leonardo da Vinci: *A Gioconda* ou *Mona Lisa*, *A última cea*, *A Virxe das rochas*.

Rafael Sanzio: *A Escola de Atenas*.

Miguel Anxo: frescos da capela Sixtina.

Tiziano: *Venus de Urbino*, *Carlos V a cabalo en Mühlberg*.

## O Renacemento en España e en Galicia

En España e en Galicia, igual que noutros lugares de Europa, a linguaxe gótica segue considerándose válida durante o século XV. Non é ata o XVI cando empeza a se notar a influencia do Renacemento italiano. Porén, a aplicación das formas clásicas non se fará coa mesma intensidade.

### Arquitectura

No século XVI diferéncianse tres etapas:

#### Plateresco

Corresponde co primeiro terzo do século. Caracterízase por unha decoración minuciosa que combina elementos góticos –arcos apuntados, pináculos...- con novos recursos renacentistas –arcos de medio punto, medallóns...-. Son exemplo de arquitectura plateresca a fachada da Universidade de Salamanca ou o Hostal dos Reis Católicos de Santiago de Compostela.

#### Clasicismo ou purismo

É o período de maior asimilación das formas clásicas do Renacemento italiano, durante o segundo terzo do século XVI. O exemplo máis representativo é o palacio de Carlos V en Granada.

#### Herreriano

Toma o seu nome de Juan de Herrera, arquitecto do Mosteiro do Escorial, a obra máis sobranceira do último terzo do XVI. Caracterízase pola simplicidade das súas formas xeométricas, case sen ornamentación. En Galicia destaca o colexio de Santa María a Antiga, en Monforte de Lemos.

### Escultura

A linguaxe renacentista aplícase sobre todo a esculturas relixiosas en madeira policromada, moi expresivas nos xestos e nos sentimentos, como as de Alonso de Berruguete ou Juan de Juni.

### Pintura

A figura de Doménikos Theotokópoulos, chamado **o Greco**, destaca sobre calquera outra na pintura española do XVI. Desenvolveu un estilo moi persoal e expresivo, con figuras de

canon esaxeradamente longo, e cores moi intensas. Son obras súas *O enterro do señor de Orgaz* e *O espolio*.

En Galicia consérvanse exemplos de pintura ao fresco de temática relixiosa en numerosas igrexas, como as do pintor de Banga en Santa María de Mugares (Toén).

## 1.5. A arte do Barroco: o gran teatro do mundo

### O Barroco europeo

O Barroco é o movemento artístico e cultural que se estende por Europa e América durante o **século XVII** e a **primeira metade do XVIII**, aproximadamente. É en boa medida consecuencia da Reforma e da Contrarreforma, como o Renacemento fora a arte do Humanismo. Polo tanto, trátase dunha arte cun gran compoñente relixioso. Mais tamén é o estilo das monarquías absolutas, que queren expresar o seu poder a través dunha arte luxosa e recargada. Nos países católicos o Barroco amosa unha nova relixiosidade mística que gusta da expresión dos sentimentos, a miúdo con gran dramatismo. Nos protestantes está máis condicionado polo individualismo da burguesía. É, en liñas xerais, un estilo caracterizado pola **expresividade**, o **movemento**, os **contrastes** e a **teatralidade**.

### Arquitectura

#### Características principais:

A arquitectura barroca considerábase sucesora da renacentista, e por iso segue a empregar elementos clásicos; mais agora emprégaos de xeito anticlásico: **plantas ovaladas ou elípticas, entaboamentos curvos ou partidos, columnas salomónicas...**

Tendencia ao **movemento**, con predominio das liñas curvas sobre as rectas.

**Contrastes de luz e sombra**, conseguidos con efectos de entrantes e saíntes.

**Decoración abundante** e variada nas fachadas, con elementos de inspiración vexetal, esculturas, etc.

#### Artistas e obras salientables:

Gian Lorenzo Bernini: Baldaquino da basílica de San Pedro, Praza de San Pedro do Vaticano, igrexa de San Andrés do Quirinal.

Francesco Borromini: Igrexa de San Carlos das Catro Fontes.

Louis Le Vau, Jules Hardouin-Mansart: Palacio de Versalles.

## Escultura

### Características principais:

Procura do **realismo**.

Representación dos **sentimentos**, cunha expresividade moi marcada.

Figuras en **movemento**, captadas en metade da acción.

**Contrastes de luz e sombra** para acentuar a expresividade e o dinamismo.

Predominan os **temas relixiosos** e, en menor medida, os mitolóxicos.

### Artistas e obras salientables:

Gian Lorenzo Bernini: *Apolo e Dafne*, *Éxtase de Santa Tareixa*.

François Girardon: *Apolo servido polas ninfas*.

## Pintura

### Características principais:

Representación **realista**, sen idealizar, amosando incluso aspectos **desagradables**.

Expresividade e **dramatismo** nos sentimentos.

Movemento nas composicións e nas posturas, con abundantes **escorzos**.

Contrastes de claroscuro, chegando incluso ao **tenebrismo**.

Temática diversa: relixiosa, mitolóxica, histórica, retrato, bodegón...

### Artistas e obras salientables:

Caravaggio: *A boaventura*, *A vocación de San Mateo*, *A cea de Emaús*.

Artemisia Gentileschi: *Judith decapitando a Holofernes*.

Peter Paul Rubens: *As tres grazas*, *O descendemento*.

Rembrandt van Rijn: *A rolda de noite*, *A lección de anatomía do profesor Tulp*.

Johannes Vermeer: *A moza da perla*, *A leiteira*.

## O Barroco en España

O XVII é unha etapa de gran esplendor para cultura en diferentes manifestacións: arte, literatura..., o que deu pé a que se coñeza como o **Século de Ouro**. As artes plásticas convértense en instrumentos propagandísticos dos principios da Contrarreforma. Así,

a **pintura** desenvolve un marcado realismo, con expresión de sentimentos –sobre todo en referencia a unha relixiosidade mística- e frecuentes claroscuros para acentuar o dramatismo. Destacan pintores como Ribera, Zurbarán e Murillo. Pero o nome máis relevante é o de **Velázquez**, un dos mellores artistas de todos os tempos. Vinculado á corte de Felipe IV, cultivou o retrato, a pintura relixiosa e a de historia, con exemplos tan recoñecibles como *As meninas* ou *A rendición de Breda*. Nos seus cadros acada un nivel de perfección técnica sen igual, manexando con mestría a luz e a psicoloxía dos personaxes para conseguir un resultado de gran realismo.

A **escultura** barroca española expresa mellor que outras artes as ideas xurdidas do Concilio de Trento, con imaxes pensadas para estimular a relixiosidade cristiá. A temática é case exclusivamente relixiosa, tanto en retablos como na **imaxinaría** en madeira policromada, cun realismo e dramatismo exacerbado que buscan conmover os sentimentos das persoas espectadoras. Como artistas importantes destacan Gregorio Fernández, Luísa Roldán ou Francisco Salzillo.

### O Barroco galego

En Galicia o Barroco foi un período especialmente produtivo, con obras e artistas de gran relevancia, sobre todo na **arquitectura** relixiosa. O gran centro artístico será a cidade de Santiago de Compostela, con exemplos nos que a Igrexa expresa todo o seu poder.

Un dos primeiros grandes arquitectos é **Domingo de Andrade**, autor da Torre do reloxo da catedral de Santiago de Compostela, onde fai gala do seu estilo decorativo con formas vexetais. Andrade proxecta tamén a escaleira do convento de San Domingos de Bonaval, cunha tripla rampla helicoidal que a fai única no mundo.

No século XVIII o nome máis senlleiro é o de **Fernando de Casas Novoa**, autor da fachada do Obradoiro. A magnífica ornamentación, os xogos de luces e as súas dimensións conseguen un efecto de teatralidade que fan desta obra o mellor exemplo do barroco galego. Na arquitectura compostelá do XVIII sobresaí outra tendencia, coñecida como **Barroco de placas**. Baséase no emprego de grandes volumes xeométricos nas fachadas –cilindros, placas...- que conseguen contrastes de claroscuro e un dinamismo moi acusado. É bo exemplo a fachada do convento de Santa Clara, de Simón Rodríguez.

## 1.6. A caída dun imperio: a crise da Monarquía Hispánica

### O declive do imperio

Tras o apoxeo dos reinados de Carlos I e Felipe II, o século XVII trae consigo o inicio do declive da Monarquía Hispánica. Malia conservar a súa extensión territorial, o imperio

comeza a sufrir problemas económicos e sociais que se agravarán ao longo da centuria, baixo o goberno dos chamados Austrias menores: Felipe III, Felipe IV e Carlos II.

### Causas do declive

**Conflitos bélicos:** Nun contexto europeo convulso, a Monarquía Hispánica estivo involucrada en enfrontamentos como a **Guerra dos Trinta Anos** (1618-1648) e outras guerras contra Francia e os Países Baixos. Isto debilitou o poder do imperio.

**Problemas económicos:** Derivados en parte das guerras, afectaron ás finanzas da coroa, que se declarou en bancarrota en varias ocasións. A suba de impostos provocou unha crise fiscal e pobreza xeneralizada.

**Debilidade dos monarcas:** Os Austrias menores demostraron escasa capacidade de liderado, e delegaron as tarefas de goberno en **validos**: persoas de confianza que asumen as funcións políticas en nome do soberano. Os validos máis destacados foron o duque de Lerma durante o reinado de Felipe III, e o conde-duque de Olivares con Felipe IV.

**Revoltas e conflitos internos:** Acentuados pola situación de crise, como a revolta dos Países Baixos que demandaba maior autonomía. Houbo tamén levantamentos contra as políticas centralistas en **Cataluña** e en **Portugal**, que recuperou a súa independencia en 1640. Todo isto debilitou a unidade do imperio.

**Crise relixiosa e social:** Derivada dos profundos cambios iniciados coa Reforma e a Contrarreforma. A acción máis destacada foi a expulsión das persoas **mouriscas** en 1609, un proceso que obrigou a unhas 300.000 persoas a marchar cara ao exilio abandonando fogares e propiedades, e deixando un fondo impacto social, económico e cultural.

### Galicia na Idade Moderna

Co reinado dos Reis Católicos consúmase o sometemento da nobreza galega, que na guerra de sucesión castelá apoiara o bando de Xoana de Castela fronte ao de Isabel a Católica. As **políticas centralizadoras** propias das monarquías autoritarias aplícanse cunha serie de medidas pensadas para poñer o Reino de Galicia baixo o seu control, feito que se consuma coa visita dos Reis Católicos a Compostela en 1486. Ademais dunha nova nobreza foránea que substitúe á local, **imponse o castelán** como lingua das clases altas e da administración, relegando o galego ao ámbito oral. Os asuntos de Galicia xestionáanse desde as **Xuntas do Reino**, e establécese a **Real Audiencia** como órgano de xustiza e de goberno, cun gobernador foráneo. Así, Galicia entra na Idade Moderna como un territorio periférico da Monarquía Hispánica, con institucións alleas e perdendo parte da súa identidade política e cultural. Neste sentido, unha reivindicación constante foi recuperar o **voto galego nas Cortes**, que se perdera no século XV, e que non se recuperaría ata o ano 1623 co pagamento de 100.000 ducados.

## Economía e sociedade

A economía galega segue caracterizada durante toda a Idade Moderna por unha marcada base **agraria**. Tras a inestabilidade do século XVI, con efectos climáticos adversos nas colleitas, o XVII será de crecemento, grazas en boa medida á incorporación dos novos cultivos americanos –**millo e pataca**– que contribúen á **recuperación demográfica**. A maior parte da poboación continúa a vivir no rural, onde aparece con forza a fidalguía como grupo social que vive das rendas do campo sobre unha poboación foreira.



“Combatendo bulos: os avances do ser humano”, do proxecto *cREAgal*, publícase coa Licenza Creative Commons Recoñecemento Non-comercial Compartir igual 4.0